



CINENSINO

O 18 de Marzo e a data na que se nos proxecta, no salón do IES Taboada Chivite, a segunda película que forma parte do programa de prevención de drogodependencias. Titúlase “**Máis alá dos soños**” e o tema da unidade de traballo é *a imaxinación e a fantasía*.



Todos/as os que traballamos con nenos/as sabemos da importancia da fantasía para o seu desenvolvemento, por iso, nesta unidade didáctica, permítesenos analizala. Non cabe dúbida, que forma parte do noso cerebro, desde o instante en que a usamos como mecanismo de supervivencia, para descubriremos a nosa situación existencial, contemplar o mundo desde outras perspectivas, estimular as nosas posibilidades creativas e satisfacer os desexos non cumpridos.

Durante os 90 minutos que durou a proxección, alumnado e profesorado estivemos a soñar xunto cos protagonistas da película e ao chegarmos as aulas, ao longo de dúas sesións, traballamos algunhas das actividades propostas na guía didáctica.

